

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2008/08
CARACTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 26 de agosto de 2008

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do día **26 de agosto de 2008** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO, baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D.Jesús López Penabad

Polo Grupo do PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas.
D. Ramón López Pérez
Dona María José Rodríguez Arca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez
D.Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario acctal:

D.José Rodil Veiga

Interventora:

Dona Olalla Alvarez de Neyra Martínez.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

2008/01.58.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 14 DE XULLO DE 2008.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión de data 14 de xullo de 2008, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2008/02.59.APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL T21.-

Dase conta do ditame da Comisión Informativa municipal de Facenda e Contas que se transcribe de seguido:

“Por Secretaría dase conta do expediente para aprobación da Ordenanza fiscal T21 reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos, Escola de Música e Danza e Escolas Deportivas municipais que foi aprobada inicialmente por acordo plenario de 19 de maio de 2008, e exposta ao público regulamentariamente por prazo de 30 días sen que se formularen reclamacións.

Dase conta igualmente, pola Intervención municipal da existencia dun erro de feito na redacción definitiva da Ordenanza no punto 4 relativo á declaración de bonificación no 50 % da cota tributaria aos membros da Coral Polifónica de Ribadeo.

Visto o texto definitivo da referida Ordenanza Fiscal T21 que obra no expediente.

A Comisión, por seis votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PP e PSOE) e unha abstención (do Grupo Municipal de UPRI) acorda ditaminar favorablemente a Ordenanza fiscal T21 conforme ao texto definitivo incorporado ao expediente para a súa aprobación definitiva polo Pleno municipal.”

Intervén o Concelleiro do Grupo Municipal de UPRI para manifestar que vai votar a favor.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación definitiva á modificación da Ordenanza Municipal de referencia cuxo texto definitivo se transcribe de seguido:

“ORDENANZA FISCAL NUMERO T21

Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos. Escola de Música e Danza e Escolas Deportivas Municipais. Actividades deportivas no rural.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1. B) e 20.4.v) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que refunde o texto da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación de servizos de ensinanza especiais en establecementos docentes deste Concello, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito imponible.

O feito imponible da taxa está constituído pola prestación dos servizos de ensinanza de solfeo-lingüaxe musical, instrumento, harmonía, coro e iniciación á música da Escola Municipal de Música e Danza e de calquera das impartidas polas Escolas Deportivas Municipais, así como outros análogos que nestas escolas se impartan.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que se matriculen en cada unha das ensinanzas a que se refire o artigo 2º desta Ordenanza.
2. Responsabilizaranse da debida tributaria xunto os suxeitos pasivos ou debedores principais os sustitutos, responsables solidarios ou subsidiarios sinalados nos artigos 35 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.

1. De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.
2. Decláranse as seguintes bonificacións na taxa ós membros da Banda Municipal de Música de Ribadeo con respecto ás asignaturas directamente relacionadas coa súa participación como membros da Banda:
 - no primeiro ano: 50% de desconto
 - no segundo ano: 60% de desconto
 - no terceiro ano: 70% de desconto
 - no cuarto ano: 80% de desconto
 - no quinto ano e sucesivos: 100% de desconto
3. Por criterios xenéricos de capacidade económica das unidades familiares dos suxeitos pasivos con obriga de satisfacer a taxa por ensinanzas nas Escolas Deportivas Municipais e por ensinanzas na Escola de Música e Danza establécense as seguintes bonificacións:
 - a) Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos que non superen o salario mínimo interprofesional vixente en cada momento recoñecese unha bonificación do cento por cento da taxa.
 - b) Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ó salario mínimo interprofesional pero inferiores ó 150 por 100 do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dou ou máis fillos, recoñecese unha bonificación do 50% da taxa.
4. Declárase a bonificación no 50% da cota tributaria ós membros da Coral Polifónica de Ribadeo.

Artigo 5º. Cota Tributaria.

A cota tributaria estará constituída polas cantidades fixas e tarifas seguintes:

- 1) Escola de Música. Por ensinanzas impartidas na Escola Municipal de Música o importe da matrícula por curso académico será o seguinte:
 1. Solfexo-lingüaxe musical: 127,38 euros.
 2. Instrumento: 127,38 euros.
 3. Harmonía: 127,38 euros.

4. Coro: 95,56 euros.
5. Iniciación á Música e Ensamble de jazz: 106,19 euros.
6. Danza: unha hora á semana é 77,36 € ; 2 horas á semana son 116,19 euros.
7. Actividades complementarias (Piano complementario, Grupo de percusión, grupo de guitarras e Aula de música moderna): 127,38 €.

Para aqueles alumnos que se matriculen en en tres matrículas ou máis establécese un desconto do dez por cento na totalidade das mesmas.

2) Escolas Deportivas. Por ensinanzas impartidas en calquera das Escolas Deportivas Municipais acota tributaria virá determinada pola seguinte tarifa:

De Xaneiro a Xuño : 50,00 Euros.

De Setembro a Decembro : 31,25 Euros.

3) Actividades deportivas no rural : 10,60 € mensuais.

Artigo 6º. Dereito á percepción.

1. O dereito á percepción da taxa producirase, nacendo a obriga de contribuir, no momento en que se presente a solicitude de matrícula en calquera das ensinanzas impartidas polas escolas municipais de música ou deportes, polo que a falta de asistencia, agás por causa médica suficientemente documentada que imposibilite totalmente a asistencia continuada ata fin de curso, dos alumnos ás clases non dá dereito á restitución da tarifa que ven establecida polo feito de matricularse.

2. O período impositivo coincidirá co curso académico establecido para cada unha das ensinanzas.

Artigo 7º. Normas de xestión.

1. A taxa percibida por ensinanzas na Escola Municipal de Música e Danza xestionarase en réxime de autoliquidación, que será aboada directamente nas Contas Bancarias de titularidade municipal e deberá presentarse o resguardo bancario do abono da taxa simultaneamente á presentación da matrícula.

2. Poderá solicitarse, excepcionalmente, polos alumnos o fraccionamento da taxa por ensinanzas na Escola Municipal de Música e Danza en dous prazos: o primeiro, do 50 % aboarse no momento da matrícula no impreso de declaración - liquidación e o 50 por cento restante na metade do curso (mes de febreiro) sempre que na Escola de Música e Danza figuren matriculados, alomenos, tres membros da mesma unidade familiar . Nestes supostos a falta de aboamento da cantidade correspondente ó segundo prazo dará lugar á anulación da matrícula e baixa na Escola previo informe do Director da Escola, sen perxuízo da esixencia da contía correspondente pola vía de apremio.

3. A taxa por ensinanzas nas Escolas deportivas municipais xestionarase por recibo de vencemento periódico mensual.

4. Constitúese como obriga tributaria formal para as entidades que presten, mediante convenio, as ensinanzas en Escolas deportivas municipais a colaboración para o cumprimento das obrigas formais e materiais establecidas para o suxeito pasivo nesta Ordenanza, polo que o seu incumprimento poderá constituilo nas responsabilidades reguladas no artigo 3º.2 desta Ordenanza.

Artigo 8º. Infraccións e defraudacións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral

Tributaria, e elo sen prexuízo das que conforme ó Regulamento do Servicio se poidan impoñer en orde distinta á tributaria.

Artigo 9º. Delegación para a fixación de prezos públicos en materia cultural e deportiva.

Delégase na Xunta de Goberno Local a fixación de prezos públicos como cota de taquilla por espectáculos, actividades ou análogos en materia cultural e deportiva que revistan carácter puntual.

Disposición Transitoria Única.

A entrada en vigor desta Ordenanza non implicará o reaxuste de actuacións efectuadas para os cursos académicos iniciados estando vixente a anterior Ordenanza reguladora dos prezos públicos.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación para o curso lectivo 2008/2009.”

2008/03.60.- ORZAMENTO XERAL PARA 2008.-

Intervén o Sr.Alcalde para explicar o proceso que se seguiu, as dúas reunións da Comisión de Facenda e Contas que se realizaron e os acordos acadados, dándose lectura de seguido polo Secretario acctal. á parte dispositiva da sesión da Comisión de Facenda e Contas de 18 de agosto de 2008 que se transcribe literalmente:

“A Comisión informativa, á vista do manifestado pola Alcaldía de que este orzamento é dun documento aberto e das posicións dos diferentes Grupos municipais e propostas que se formulan para acadar unha aprobación dos mesmos, acorda, por unanimidade dos seus membros, recoller as propostas que se presenten polos Grupos municipais para o estudo polo equipo de goberno e informe previo novamente pola Intervención, presentándose unha nova proposición de orzamentos para 2008 pola Alcaldía que será estudada nunha nova reunión desta Comisión Informativa previa ao Pleno Municipal que deba adoptar o acordo sobre os orzamentos para 2008.”

Dase lectura igualmente ao Ditame da Comisión de Facenda e Contas de data 22 de agosto de 2008 que se transcribe literalmente:

“Polo Sr.Alcalde-Presidente dase conta, logo do acordado na última reunión de 18 de agosto de 2008 da Comisión Informativa de Facenda e Contas, das modificacións introducidas nos orzamentos xerais para 2008.

Obra igualmente no expediente a Memoria explicativa, informe económico financeiro e informe da Intervención respecto das modificacións introducidas así como as modificacións oportunas nas Bases de execución e os estados de gastos e ingresos con estas modificacións e a nova proposta da Alcaldía.

Toma a palabra a Sra. Interventora para explicar que na proposta de orzamentos anterior se incluían todos aqueles gastos realizados ao longo do ano polo que xa quedaban subsumidos nas correspondentes partidas; que entre esa proposta e a que agora se trae, xurdiu a concesión dunha subvención para a contratación de persoal para aplicación das normas do hábitat en Galicia nas que participa o Concello cun 10 % e que precisan de xeneración de crédito.

Intervén de seguido o Concelleiro Delegado de Economía e Facenda don Vicente Castro Reigosa que realiza unha exposición dos principais apartados nos que se realizaron as modificacións, conforme ás propostas aportadas polos Grupos municipais, entregándose unha copia destas modificacións no acto a cada Grupo municipal.

O Portavoz do PSOE, Sr.Pérez Vacas, refírese á consignación para o gabinete de prensa do equipo de goberno e pregunta en donde se inclúe xa que se pedía unha rebaixa de 6.000 euros e so aparecen reflexados 5.000. O Sr.Castro Reigosa aclara que non vai na partida que indica o Sr.Pérez Vacas senon noutra.

Continúa o Sr.Castro Reigosa facendo a súa exposición sobre minoracións en diferentes partidas das interesadas polo Grupo Municipal Popular e así refírese a partida 226.01 na que so rebaixan en 1.000 euros en vez de 5.000 interesados e outras nas que se rebaixa mais do interesado, cifrando a minoración en torno aos 260.000 euros.

Expresa igualmente que existen algunhas partidas nas que non é posible minoración algunha toda vez que se atopan vinculadas por subvencións externas, e noutras a rebaixa é menor posto que xa figuran moi axustadas, facendo referencia igualmente ás mais salientables entre as que destaca as que inclúen os programas Emas e “Q” de Calidade.

Tocante ás demandas de obras formuladas polo PP para pasar a accesos as vivendas en zonas rurais en vez de 60.000 pasan 30.000. Neste punto a Interventora manifesta que lle parece de difícil realización e que lle xurden dúbidas sobre os investimentos públicos en fincas privadas.

Refírese o Sr.Castro Reigosa igualmente ás obras da rúa Fonte Cavada, ao PDT, aos accesos a núcleos, etc., tamén á reapertura da Casa da Ría indicando que o anexo de persoal está pechado e sinalándose que en todo caso será cuestión de reconvertir ou reasignar algún dos traballadores e tamén á posibilidade de acollerse ao programa de cooperación donde se poden conseguir axudas para persoal.

Respecto á Area de Vilaframil dí que está pactado para este ano cos Servizos de Costas e reitérase o dito sobre a partida para accesos a vivendas na zona rural.

Por parte do portavoz de UPRI, Sr.Rivas Alvarez, pregúntase polas multas se éstas van contempladas ao máximo, indicándose que sí.

O Portavoz do PSOE D. Balbino Pérez Vacas refírese aos aparcadoiros poñendo de manifesto que non existe consignación algunha para para os mesmos e que debería preverse algunha partida para o inicio a lo menos de trámites para a realización de aparcadoiros na Empresa Ribadeo , terreo que xa é municipal, e que cre que é un erro que o equipo de goberno non pensar nisto.

O Sr.Alcalde intervéen neste punto referíndose ao aparcadoiro existente na explanada da Empresa Ribadeo do que se poden liberar 20 prazas para uso público e que respecto aos trámites de creación dun aparcadoiro na zona ao estar no casco antigo non se poderá actuar ata que se aprrobe o PEPRI, entablándose unha deliberación sobre o informe emitido por Patrimonio respecto do aparcadoiro soterrado proposto no parque municipal.

Rematada a deliberación, os Grupos Políticos manifestan as súas posturas respecto do expediente de orzamentos para 2008 sinalando UPRI que se reservan para o Pleno, expresándose en igual sentido o portavoz do PSOE sobre este Grupo, sinalándose por Secretaría que se contabilizará como abstención.

O Grupo Municipal Popular a través do seu portavoz Sr.Rodríguez Andina manifesta que se absteñen.

A Comisión Informativa por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e 5 abstencións (dos membros dos Grupos municipais Popular, Socialista e de UPRI) acorda ditaminar favorablemente os orzamentos para 2008 conforme á proposta presentada nesta Comisión e consecuentemente propoñendo ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2008, que se eleva, en gastos á contía de **9.327.534,61 “nove millóns trescentos vinteseite mil cincocentos trinta e catro euros con sesenta e un céntimos de euro”**, e no caso dos ingresos tendo en conta o

remanente de tesoureria negativo a 9.995.602,69 € “nove millóns noventa e cinco mil seiscientos dous euros con sesenta e nove céntimos de euro”, que se concreta nos seguintes resumos por Capítulos, entendendo incluídas nos mesmos as modificacións que se realizaron ó longo do exercicio sobre o Orzamento prorrogado:

ESTADO DE GASTOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Gastos de persoal.	3.769.281,87€
2	Gastos en bens correntes e servicios.	2.603.553,89€
3	Gastos financeiros.	147.810,00€
4	Transferencias correntes.	136.049,00€
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Inversións reais.	1.871.655,91€
7	Transferencias de capital.	326.615,97€
8	Activos financeiros.	27.045,54€
9	Pasivos financeiros.	445.522,43€
TOTAL GASTOS.....		9.327.534,61€

ESTADO DE INGRESOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Impostos directos.	2.204.643,34€
2	Impostos indirectos.	180.000,00€
3	Taxas e outros ingresos.	3.178.549,78€
4	Transferencias correntes.	3.327.948,21€
5	Ingresos patrimoniais.	11.200,00€
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Alleamento de inversións reais.	0,00 €
7	Transferencias de capital.	1.066.215,82€
8	Activos financeiros.	27.045,54€
9	Pasivos financeiros.	0,00 €
TOTAL INGRESOS.....		9.995.602,69€

2º.- Aprobala Bases de Execución do orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, organización e circunstancias do propio Concello.

3º.- Segundo o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, aproba-los cadros de persoal (funcionario e laboral) para o ano 2008, tal como figuran nos anexos de persoal.

4º.- Aprobala-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos.

5º.- Aprobala Oferta de Emprego Público do exercicio 2008 conforme o cadro de persoal que figura neste Orzamento.

6º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Casa do Concello e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170 do Texto Refundido da LRFL entenderase definitivamente aprobado o orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do orzamento, resumido por Capítulos, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece a normativa vixente.”

Abrese de seguido un turno de palabra, intervindo en primeiro lugar o Concelleiro Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que se refiere aos gastos de persoal, ás axudas de custo para o equipo de goberno donde figuran dous cargos, Concelleiro de Medio Ambiente e Alcaldía o cal lle parece esaxerado, manifesta sobre a partida 121 de telefonía fixa que existe un incremento dun 17 %,

Refírese igualmente ao incremento do gasto en diversas Concellarías, a Concellaría da Muller experimenta un incremento do 70 %, en Promoción do emprego un 33 % respecto a 2007, tamén a partida de inversións reais e aos Accesos a Vilaserlán e outras.

Continúa a súa intervención indicando que vai incluída a rúa Calvo Sotelo e non así o tramo pendente da rúa Reinante e da Rúa San Francisco; tamén o contrato de AQUAGEST que supón 120.000 euros cun incremento importante respecto do exercicio 2007. Os gastos do persoal de recollida de lixo experimentan un 48 % de incremento, a telefonía móbil da Concellaría de Cultura un 33 % de incremento. Dí que para os accesos na zona rural consignan a cantidade de 33.000 euros que lle parece ben porque se deben ter unhas accesos dignos.

A aula da natureza dí que conta, nestes orzamentos, cunha consignación de 11.500 euros, e para estar pechada parécelle que non ten sentido. Inclúese o Leader + dos anos 2006, 2007 e 2008.

En turismo na partida 226 so se consignan 1.000 euros que lle parece ridículo, xa que nin tan siquiera houbo folletos na Oficina de Turismo.

Neste punto intervén o Sr.Alcalde para indicarlle ao Sr.Rivas Alvarez que sí que houbo folletos mais que suficientes .

En ingresos inclúense 30.000 euros do depósito de entullos que lle parece de difícil cumprimento e na Escola de música, 48.000 euros que tamén lle parece difícil de obter.

A interventora, sinala neste punto, que as taxas xa están ingresadas.

No capítulo de persoal a creación de 25 postos fixos que lle parece demasiado en especial na época que se está a vivir, que lle parece ben o persoal da Escola de música pero non outros que parecen un “pago político”, e que o momento non aconsella semellante temeridade.

As propostas que formulou UPRI manifesta que toca esperar xa que non se atenden.

Refírese ao informe da Intervención que o dí todo e que lle parece temerario, que debe facerse unha contención do gasto polo equipo de goberno e que o nivel de obrigas son de difícil alcance.

Que a inclusión dos expedientes sancionadores igual é unha precipitación e o seu Grupo cre que o 25 de agosto non é tempo para aprobar os presupostos, xa que se deberían formular con antelación. Que o seu Grupo se vai abster polo momento a expensas do que diga o equipo de goberno.

Intervén a continuación o portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Pérez Vacas que formula unha análise global, ás dúas sesións da Comisión informativa de Facenda e Contas que foi necesario realizar, e sinalar que so se atenden os incrementos ditos na Comisión polo PP e algunha do Grupo UPRI, sinala igualmente que o Alcalde faltou á súa palabra de 2007 xa que dixo que estarían en marzo e chegan agora en agosto con “nocturnidade e alevosía”. Manifesta igualmente que non entende o método para a realización dos mesmos por parte do equipo de goberno e dí que lle parece unha temeridade traelos en agosto e sen ter falado cos Grupos municipais; que é prioritario facerlle caso aos consellos que formula a Intervención no seu informe, sinala tamén que lle parece temerario a inclusión dun millón de euros en ingresos, polo concepto de sancións urbanísticas.

Toma a palabra a continuación o Concelleiro portavoz do Grupo Municipal Popular Sr. Rodríguez Andina manifestando que xa están os titulares de prensa para mañá: “a Oposición non a rasca e nada de nada”. O Grupo de UPRI tivo dúas comisións para dicir algo e nada ata hoxe e o PSOE igual, non fixo nada.

Expresa que existe un fallo que é gordo, que os presupostos veñen tarde e dende logo espera que se corrixan este extremos para o ano que ven, e que sin presuposto que se lle causa un prexuízo aos veciños.

As propostas de modificacións formuladas polo seu Grupo realizáronse tomando tamén como referencia o manifestado no informe da Intervención e así se van cuadrando. En cambio, ao día de hoxe, hai Grupos que non fixeron propostas.

Intervén o Sr. Pérez Vacas, do PSOE, para manifestar que as Comisións fixéronse por petición do PP para sacar adiante os presupostos o equipo de Goberno .

Insiste o Sr. Rodríguez Andina en que algún Grupo non presentou nada ao día de hoxe e outro Grupo presentou propostas ao día seguinte, indicando tamén novamente que reitera que é tarde para aprobar os presupostos. Que non deben extranarse, xa que cando se fixeron as propostas en Comisión, polo Grupo Municipal do Partido Popular, algún Concelleiro quedou “pasmado” e que as propostas inciden na redución do gasto corrente cifrándose aproximadamente nunca rebaixa de 300.000 euros; que é certo que no 2º proxecto de orzamentos se aceptaron todas menos catro.

Tamén se refire á redución en ingresos mais ou menos tamén en 300.000 euros e que afectaba a 20 partidas aceptándose todas menos dúas.

Sinala o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Popular a súa satisfacción pola incorporación das propostas ao longo do ano e refírese á inversións en Fonte Cavada, Carlos III e aledaños do Colexio Sagrado Corazón, ao saneamento de Rinlo ao Plan de accesos ás vivendas rurais, etc. ; insiste no retraso en traer os presupostos ao Pleno e esixe que en 2009 se aproben como moito no 1º trimestre e recorda novamente, tamén para información da opinión pública, que eles formularon as propostas, e que cando na Comisión se escoitaron, algúns concelleiros quedaron un pouco asombrados. Sinala que cando se lles deixa participar son favorables para o ben dos veciños e que na anterior etapa con seis concelleiros fixeron menos que agora con 4 que poden facer mais.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para de seguido dar a mesma ao Concelleiro de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa, quen vai, logo deste turno de intervencións, desgranando as diferentes intervencións comezando polo Grupo UPRI indicando primeiramente que no tocante aos incrementos de gasto na Concellaría de Medio Ambiente debe suliñar que o ano pasado presupostaron para seis meses, e este para o exercicio completo; que no apartado de axudas de custos se recollen as de toda a Corporación, non só as do equipo de goberno, senon tamén do resto de membros da Corporación.

Refírese tamén ao incremento do que se falou, na telefonía móbil que é debido principalmente á instalación de ADSL dos telecentros, na Concellaría da Muller que UPRI falaba dunha grande subida, debe terse en conta que se inclúen as actividades do CIM, en investimentos en terreos consignáronse partidas aprobadas dende 1998, parte delas sen pagar.

Respecto ao contrato con AQUAGEST aprobouse pola Corporación e a subida de tarifas tamén vai contemplada; refírese tamén ás partidas vinculadas a subvencións externas o que provoca por exemplo en Cultura que se acuda á financiación externa e se reduza o gasto municipal pero non así a actividade cultural. Tocante ao gasto telefónico indica que os delegados agora teñen máis area de traballo e con todo é inferior ao exercicio anterior. Nos accesos a zonas rurais indica que se modificou a raíz das propostas formuladas, para a Casa da Ría buscaranse solucións como xa se dixo en Comisión e fai alusión a que se estrá traballando dende hai tempo no presuposto pero que foron xurdindo diferentes sorpresas a medida que se avanzaba na confección do mesmo. Da consignación para turismo indica que non faltaron folletos nin van faltar e refírese a que a financiación se busca por outras vías, fala tamén do PDT e respecto á consignación do vertedoiro de entullos dí que xa se verá ao final do exercicio se é correcta ou non a consignación.

Continúa intervindo o Sr. Castro Reigosa e fai referencia á Escola municipal de música, así como as prazas que se crean indicando que nalgúns casos non afecta aos custos, porque o persoal xa está e con financiación allea, e noutros casos trátase de persoal que leva moito tempo e cuxos contratos xa son indefinidos e suliña que en porcentaxe o incremento de gastos de persoal baixa con respecto ao ano anterior.

Respecto ás propostas de UPRI sobre a dotación de parques dí que se tratará de meter algun deles este ano e que se fixo un esforzo para rebaixar gastos; en canto ás segundas fases de accesos que entrarán no exercicio seguinte; refírese tamén aos accesos ao Colexio Sagrado Corazón, dí que non se incluiu a rúa Picarolas indicando que está suxeito ás determinacións do PXOM, tamén se refire ás rúas no barrio de San Lázaro que necesitarán unha base previa e acometer tamén previamente os servizos correspondentes con garantía e fai alusión igualmente ás areas recreativas.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas, portavoz do Grupo Municipal do PSOE, indicando que foi o Concelleiro de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa quen faltou á palabra respecto á data de aprobación dos orzamentos.

O Sr. Castro Reigosa indica que empezaron en febreiro coa elaboración dos orzamentos para este ano, que non é disculpa senon unha explicación razoable, que houbo diversos atrancos técnicos e sorpresas unha tras outra, refírese de novo ao PDT que estaba contabilizado en ingresos pero non en gastos, o Leader +, que foi outra sorpresa, logo houbo a negociación co persoal e que dende logo procurará corrixirse e que é intención que para 2009 poidan propoñer con tempo, un orzamento aberto e sen comeza-lo exercicio, manifestando que espera contar co apoio da Intervención para traballar nos orzamentos do ano que ven.

Refírese novamente tamén aos investimentos en rúas que se inclúen, aos vehículos e suliña o apoio do PSOE na adquisición do camión de RSU. Indica que sí se deu participación aos Grupos municipais e que ise é o método. Dí que o PSOE non fixo propostas e que UPRI si fixo unhas

cantas e que se lle aceptaron algunha e outras non se poideron incluír, como xa dixo, pero non se negan a traballar sobre elas. Respecto ás propostas do PP di que propoñían rebaixar en torno a 270.000 euros e que algunhas partidas era imposible rebaixalas, outras sí se rebaixaron e respecto as sancións urbanísticas di que xa están notificadas. Tocante á tardanza en presentar os orzamentos indícalle ao Grupo Municipal Popular o mesmo que lle dixo ao PSOE e en canto ás variacións efectuadas o que xa dixo e que se tratou de facer da mellor forma facendo tamén alusión aos acordos adoptados xa ao longo do ano que recolle o orzamento e agradece o voto favorable do Grupo Popular.

Nun segundo turno de intervencións o Sr. Rivas Alvarez de UPRI refírese a que anteriormente había sete delegados e que agora son catro pero que a realidade é ben distinta xa que son máis, e refírese aos “concelleiros virtuais”. Do gasto manifesta que se dixo que non ían faltar folletos turísticos pero que sobre todo se debe pór en valor a praia de As Catedrais. En canto aos gastos de persoal di que sí á Escola de Música pero que a situación agora non é a mellor e o incremento que se prevé supón un lastre e que se debe controlar que se transfiran cartos sen ter que estar continuamente pedindo subvencións. Que o Grupo Popular non é quen para dicir que non se traballa e que non ten porque converterse en defensor do Goberno e que se trata dunha situación esperpéntica. No referente ás propostas presentadas di que só puideron facerse cando se tomou o acordo na primeira Comisión e que todos están de acordo en que os presupostos se presentan tarde e espera que esa promesa de traelos para o ano que ven no primeiro trimestre sexa unha realidade.

Manifesta igualmente o Sr. Rivas Alvarez que votarán abstención porque hai vontade e di que o nivel de esixencia é o que todos esperaban, que se trata dunhos orzamentos abertos sí pero para unhos Grupos máis que para outros, que eles (polo seu Grupo) tamén son positivos e refírese á Moción sobre os accesos á Praia de As Catedras que non apoiou o Grupo Popular. Sinala igualmente que os gastos de persoal baixan en porcentaxe porque inflando os ingresos e os orzamentos é así.

Intervén o Concelleiro do Grupo Municipal Socialista Sr. Pérez Vacas para manifestar que o que lle critica ao goberno non vale que sexa o que diga o Sr. Rodríguez Andina xa que parece que se lle “enche a boca”. Di que o PDT foi unha iniciativa do Grupo Socialista e que o seu Grupo tamén quere o ben do pobo e indica que, quen non. Sinala igualmente que as propostas do Grupo Popular foron aceptadas nun 80 % e non as outras que representan un 5 %, e remata dicindo que se van abster.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Popular que di que lamenta ocupar o espazo do goberno municipal e referíndose ao Sr. Rivas Alvarez e ao traballar ou non di que él (polo Sr. Rivas) sempre foi “yo, yo, despois yo e máis tarde yo” pero que él non puxo en dúbida o seu nivel de traballo.

Entáblase debate entre o Sr. Rivas Alvarez e o Sr. Rodríguez Andina sobre a realización ou non de propostas intervindo o Sr. Alcalde para pedir que non se interrompa ao Concelleiro que está no uso da palabra e que continúe coa súa intervención.

O Concelleiro Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Popular, continúa referíndose ás manifestacións realizadas polo portavoz de UPRI relativas á se-lo defensor do goberno, de nivel de traballo, do nivel de esixencias, de que non os avisaron para presentar propostas, etc. e remata dicindo que se él filosofa o Sr. Rivas Alvarez tamén o fai, indicando que tamén se “meteu no medio da merenda” a Moción das Catedrais e que él tamén tiña explicado xa porque votaran en contra, polo que pide que se lle deixe explicar.

Referíndose ao portavoz do PSOE, moi breve, dí que o presuposto para ese Grupo debería seguir o método o bipartito e indicando que él o que dixo é que cren que ter os presupostos aprobados é beneficioso para os veciños, non que ningún grupo fose en contra deles, pero é que él non dixo iso.

Fai tamén un pequeno apunte, éste de presupostos, e refírese a que cando fai cinco anos e unhos meses a eles (referíndose ao PP) lle tocou abandonar o goberno municipal , non porque non foran os mais votados senon porque houbo un pacto entre o BNG e o PSOE, díxoselles de forma reiterada que deixaban o concello non mal, senon moito peor que mal, e que agora ninguén se acorda, aínda que se dí, pero “como quen non quere a cousa”, que hai un remanente de tesourería de 668.000 euros, e que hai unhos recoñecementos extraxudiciais de créditos que rondan os 250.000 euros, é dicir que están a falar dun “furado” de cerca dun millón de euros , á marxe dos flecos que sempre quedan, é ninguén lle da ningunha importancia, e reitera que do que se trata é de que hai un furado de 1.000.000 de euros, documentado, é dicir de 168.000.000 das antigas pesetas e que probablemente non lle dan importancia porque un estaba gobernando e outro cogobernando, e que él estivo coa Interventora asinando o que lle correspondía daquela, probablemente dos 250.000 € de preto de 240.000 , e incide en que polo tanto do millón de euros do furado, novecentos mil son dos ultimos catro anos de goberno.

Intervén o Sr.Castro Reigosa, Concelleiro de Economía e Facenda, pedíndolle ao portavoz de UPRI que aclare iso que dixo dos “concelleiros virtuais”, sinalando pola súa parte o portavoz de UPRI que él dixo o que dixo e entáblase debate ao indicar o Sr.Castro Reigosa que é importante que o diga porque fixo referencia en canto aos teléfonos móbiles e quere saber a que Concelleiros Delegados virtuais se refire sobre os teléfonos móbiles, reiterando o Sr.Rivas Alvarez que él dixo o que dixo e nada mais. E referíndose de seguido ao Sr.Rodríguez Andina , o Sr.Rivas Alvarez, indica que él se foi do Partido porque en primeiro lugar estaba cansado e que se él (polo Sr.Rodríguez Andina) houbera traballado o que outros do seu goberno, non dí él so, “outro gallo cantaría”.

Tercia o Sr.Alcalde para aclarar que non via entrar nas discusións do Sr.Rivas co Sr. Rodríguez Andina pero que nestes momentos parécelle improcedente o que está dicindo.

Indica de seguido o Sr.Alcalde que vai someter o asunto a votación pero que antes de facelo gustaríalle facer unhas puntualizacións, que vai ser máis breve que o Concelleiro Delegado de Economía e Facenda ao que agradece que levara o peso da exposición dos presupostos. Manifesta que supón que mañá haberá comentaristas sobre os orzamentos, e expresa que o que mais lle choca e que cuestionaran o método, porque , continúa dicindo, que a realidade dos feitos e que hai un equipo de goberno con 4 concelleiros e unha Corporación con trece e que se non se teñen mais votos a favor que en contra pois non se poden sacar adiante os asuntos e que entende que a forma ou o método é a través das convocatorias das Comisións e que alí se tratan as propostas, pero que se un Grupo non dí nada, outro dí case nada, e outro fai unhas propostas para rebaixar nun lado e subir noutro, pois é claro.

Indica que se convocaron dúas comisións e que no marco das mesmas se poido falar e propoñer e que eles, como equipo de goberno, coa proposta de presupostos da Alcaldía cumpriron e intentaron chegar a acordos pero que se hai algún Grupo que non dí nada de nada pois o que non é lóxico é ir a un Bar para resolver temas e chegar a acordos por iso que entende que o método é a través dos cauces das Comisións para debatir e acadar acordos e que iso é o que fixeron, e que dous non falan se un non quere, pero que eles, cre, que debe ser como se fixo e que intentaron chegar a acordos con aqueles que tamén o intentan e que él fixo a súa proposta e se intenta con aqueles que lle dín algo para poder modificar ou rebaixar ou ampliar e así é, e que está aburrido de que lle digan que non hai diálogo, e recoñece que os presupostos no ano 2007 aprobaronse en novembro, mal, e no ano 2008 van en agosto e que deberían de ir en xaneiro.

Fai referencia igualmente e manifesta que tamén hai que dicilo, que cambiaron de persoa en Intervención e tamén como dixo o Concelleiro Sr.Castro Reigosa había unhos “marróns” de cuidado, e cuestións técnicas que non foi doado solventar, e que non é nada mais que unha

xustificación de como sucederon as cousas e que dendo logo para o ano 2009 vai procurar que os orzamentos veñan en tempo.

Refírese de seguido a algunhas cuestións das que se falou al longo do debate, por exemplo á existencia de liñas ADSL en todas as parroquias, ao cobro de máis cartos de axudas de custo do Alcalde, que é mentira, posto que na partida se consignan cantidades para outros membros do equipo de goberno, ao traballo desenvolvido polo Concelleiro de Medio Ambiente Sr. Cupeiro Rodriguez que está pola mañá e pola tarde traballando no Concello.

Continúa indicando que coa aprobación do presuposto se poderán acometer máis obras, se vai dispór dun camión para a recollida de R.S.U., dun camión para o servizo de incendios, arranxar a rúa CalvoSotelo na súa primeira fase así como varias rúas que xa están en proceso de licitación no casco antigo, dispór como xa é un feito dun novo coche de Policía, sistema de información turística por bluetooth, etc.

Do informe da Intervención dí que se extraen cousas positivas, se corríxen eivas que nunca antes se fixera e se intentou corríxir gastos doutros anos.

Destaca que existe unha perceptible prudencia e que debe darse certa marxe e que non se pode renunciar a compromisos para acollerse a subvencións doutros organismos con algo de financiación local para levar a cabo obras, como por exemplo no casco vello, para adquisición do camión do lixo, do camión de incendios, etc., e conclúe que non se pode renunciar a eses compromisos, dende logo sempre con diálogo entre todos para sacar adiantes os investimentos.

Rematada a deliberación sobre o asunto é sometido a votación o ditame da Comisión que resulta aprobado por oito votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e cinco abstencións (dos Grupos Municipais do PSG-PSOE e UPRI), adoptándose en consecuencia os seguintes acordos:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2008, que se eleva, en gastos á contía de **9.327.534,61 “nove millóns trescentos vinteseite mil cincocentos trinta e catro euros con sesenta e un céntimos de euro”**, e no caso dos ingresos tendo en conta o remanente de tesourería negativo a **9.995.602,69 € “nove millóns noventa e cinco mil seiscentos dous euros con sesenta e nove céntimos de euro”**, que se concreta nos seguintes resumos por Capítulos, entendendo incluídas nos mesmos as modificacións que se realizaron ó longo do exercicio sobre o Orzamento prorrogado:

ESTADO DE GASTOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Gastos de persoal.	3.769.281,87€
2	Gastos en bens correntes e servizos.	2.603.553,89€
3	Gastos financeiros.	147.810,00€
4	Transferencias correntes.	136.049,00€

B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Inversións reais.	1.871.655,91€
7	Transferencias de capital.	326.615,97€
8	Activos financeiros.	27.045,54€
9	Pasivos financeiros.	445.522,43€
TOTAL GASTOS.....		9.327.534,61€

ESTADO DE INGRESOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Impostos directos.	2.204.643,34€
2	Impostos indirectos.	180.000,00€
3	Taxas e outros ingresos.	3.178.549,78€
4	Transferencias correntes.	3.327.948,21€
5	Ingresos patrimoniais.	11.200,00€
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Alleamento de inversións reais.	0,00 €
7	Transferencias de capital.	1.066.215,82€
8	Activos financeiros.	27.045,54€
9	Pasivos financeiros.	0,00 €
TOTAL INGRESOS.....		9.995.602,69€

2º.- Aprobala Bases de Execución do orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, organización e circunstancias do propio Concello.

3º.- Segundo o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, aproba-los cadros de persoal (funcionario e laboral) para o ano 2008, tal como figuran nos anexos de persoal.

4º.- Aprobala-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos.

5º.- Aprobala Oferta de Emprego Público do exercicio 2008 conforme o cadro de persoal que figura neste Orzamento.

6º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Casa do Concello e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170 do Texto Refundido da LRFL entenderase definitivamente aprobado o orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do orzamento, resumido por Capítulos, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece a normativa vixente.”

Sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr.Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario acctal. dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL,